

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE ABRIL DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 9 de abril de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a toma de razón da sentenza firme número 42/2014 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo, no recurso contencioso-administrativo número 316/2012.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de ascensor para mantemento e conservación do edificio sito na rúa Nicomedes Pastor Díaz, número 10, a nome de comunidade de propietarios rúa Nicomedes Pastor Díaz, número 10 e para cambio de uso a vivenda dun apartamento turístico da sexta planta, porta a, do edificio sito na rúa José Novo Freire, número 15.

Tamén se acordo a denegación das seguintes licenzas: para cambio de uso a vivenda dun apartamento turístico da primeira planta, porta D, do edificio sito na rúa José Novo Freire, número 15 e de legalización de ampliación de explotación agrogandeira, en Chavián, parroquia de Pedreda.

Acórdase a toma razón da sentenza firme número 41/2014, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de lugo, no recurso contencioso-administrativo número 267/2012.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	25/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	XN5fh5F3z/ooSlWkcIU+g==	PÁGINA 1/4



3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito a Urbanismo-Disciplina Urbanística e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para realización de servizos extraordinarios por persoal de Xuventude e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de equipamento de intervención para o corpo de bombeiros do Concello de Lugo 2014 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación de subministración de áridos mediante acordo marco con procedemento aberto-2014 e a apertura do procedemento de contratación.

Así mesmo, acórdase a rectificación de erro cometido no acordo 16/117 da Xunta de Goberno Local ordinaria da revisión de prezos para o período comprendido entre o 23 de setembro de 2012 e o 22 de setembro de 2013 para a actualización do contrato administrativo asinado coa empresa, correspondente ao servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais así como nos colexios públicos do Concello de Lugo. Lote 2.


Acórdase a rectificación de erro cometido no acordo 15/116 da Xunta de Goberno Local ordinaria da revisión de prezos para o período comprendido entre o 23 de setembro de 2012 e o 22 de setembro de 2013 para a actualización do contrato administrativo asinado coa empresa, correspondente ao servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais así como nos colexios públicos do Concello de Lugo. Lote 1.

Acórdase a rectificación de erro material cometido no acordo 4/154 da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo do corrente, polo que se procedía á aprobación da prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería anexa á Piscina Municipal cuberta do Campus Universitario "As Pedreiras" por prazo dun ano, contado dende o 21 de marzo de 2014 ata o 20 de marzo de 2015.

Do mesmo xeito, acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente ao servizo de desratización, desinsectación e desinfección no termo municipal de lugo subscrito entre este Concello e a adxudicataria do referido

Código Seguro de verificación: XN5fh5F3z/ooSlWkcIU+g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	25/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	XN5fh5F3z/ooSlWkcIU+g==	PÁGINA 2/4



XN5fh5F3z/ooSlWkcIU+g==

servizo, por prazo dun ano, contado dende o 16 de outubro de 2013 con efectos retroactivos.

Acórdase a prórroga do contrato administrativo subscrito coa empresa encargada do servizo de comida no fogar para usuarios do servizo de axuda no fogar neste Concello por un período máximo de seis meses ata a adxudicación dun novo contrato, a contar dende o 13 de febreiro de 2014 e o 12 de agosto de 2014 con efectos retroactivos.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización de vivenda unifamiliar sita na Louzaneta, 43.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para agregación de planta alta a unha vivenda unifamiliar sita en Santalla de Esperante.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización de vivenda unifamiliar sita en Amieiros - Fonte do Mouro - San Pedro de Soñar.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización do edificio sito en rúa Santo Graal, 62.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización para modificación de cuberta na vivenda unifamiliar sita en Corneda - Pedreda.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza de primeira utilización para vivenda unifamiliar illada sita no NRT de Camoira - parroquia de Santo Estevo de Camoira.

Do mesmo, xeito acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para readaptación de edificio sito na rúa Do Miño, 9.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para substitución de cuberta e reformas no edificio sito na rúa Bataneira, 3.

Código Seguro de verificación: XN5ffh5F3z/ooSlWKcIU+g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Cháin Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		FECHA	25/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	XN5ffh5F3z/ooSlWKcIU+g==	PÁGINA	3/4



XN5ffh5F3z/ooSlWKcIU+g==

Acórdase a rectificación do acordo número 14/222, adoptado pola Xunta de Goberno Local do 2 de abril do 2014, relativo ao escrito presentado no que insta a devolución do importe ingresado en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para parcelamento de parte da parcela sita na avda. Doutor García Portela esquina rúa Garañón.

Acórdase a rectificación do acordo número 15/223, adoptado pola Xunta de Goberno Local do 2 de abril do 2014, relativo ao escrito presentado no que insta a devolución dos importes ingresados en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, pola solicitude de aliñacións e rasantes e pola solicitude de licenza para construción dun edificio na avda. Doutor García Portela, 25, por importe de 144,65 € e 14.628,77 €, respectivamente.

Tamén se acorda a rectificación do acordo número 16/224, adoptado pola Xunta de Goberno Local do 2 de abril do 2014, relativo ao escrito presentado no que insta a devolución do importe ingresado en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para construción dun edificio na avda. Doutor García Portela, 25.


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a apertura dunha fase de información reservada a un funcionario.
- Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa adxudicataria do servizo permanente de vixilancia no parque da Milagrosa, para o período comprendido entre o 15 de abril de 2014 e o 14 de abril de 2015, ou ben prazo inferior ata a adxudicación do novo contrato contado con efectos retroactivos.
- Acódase reclamar a devolución dos importes aboados polo imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos (céntimo sanitario).

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.

Código Seguro de verificación: XN5ffh5F3z/ooSlWkcIU+g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		FECHA	25/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	XN5ffh5F3z/ooSlWkcIU+g==	PÁGINA	4/4


XN5ffh5F3z/ooSlWkcIU+g==